

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA) PARA O FINANCIAMENTO SUSTENTABLE DO DESENVOLVEMENTO EVOLUTIVO DO PROXECTO LONXAS GALEGAS 4.0 PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DOS ESTABLECEMENTOS DE PRIMEIRA VENDA DE PRODUTOS DO MAR NO MARCO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DA PESCA E DA ACUICULTURA (FEMPA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Isaac Miguel Rosón Sánchez-Brunete, director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia desde a data da súa sinatura e ata o momento que cese o desenvolvemento, e como data límite o 30 de decembro de 2028.

O instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento evolutivo do proxecto Lonxas Galegas 4.0 para a modernización tecnolóxica dos establecementos de primeira venda dos produtos do mar e dos procesos que neles se desenvolven, no marco do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura (FEMPA).

Para o cumprimento do obxecto do presente instrumento convencional, desenvolveranse, entre outras, as seguintes actuacións:

- Desenvolvemento evolutivo e apoio na solución de comercialización dispoñible (SISCOM), que permite a clasificación e pesada das capturas descargadas na lonxa, a súa poxa nas distintas modalidades, a emisión dos documentos relacionados coa comercialización dos produtos, así como a xeración das notas de primeira venda e a súa correcta transmisión á autoridade competente. Permite o impulso da comercialización e as canles de poxa e compra, dando apoio aos centros de venda autorizados en cada lonxa.



- Desenvolvemento evolutivo e apoio na solución de xestión dispoñible (XESLON) para as lonxas e confrarías, que permite a xestión integral da actividade destas entidades (comercialización, subministracións, prestación de servizos, etc.), incluíndo a xestión contable, de cobros e pagamentos, obrigas tributarias e xestión social.

Que o sector pesqueiro galego, e en particular os establecementos de primeira venda de produtos do mar (lonxas), afronta os retos derivados da necesidade de avanzar na súa modernización tecnolóxica, mellorar a eficiencia dos seus procesos e adaptarse ás esixencias normativas en materia de trazabilidade, control e seguridade alimentaria.

Neste contexto, resulta necesario impulsar a dixitalización das lonxas galegas, co fin de optimizar os procesos de identificación, clasificación, pesada e comercialización das capturas, así como mellorar a xestión interna das entidades implicadas. A existencia de sistemas como SISCOM e XESLON constitúe unha base sólida, mais require dunha evolución continua que permita a súa adaptación ás novas necesidades do sector.

Así mesmo, cómpre reforzar a transparencia, a trazabilidade e a competitividade dos produtos pesqueiros galegos, mellorando as canles de comercialización e facilitando o acceso á información.

Neste marco, o proxecto Lonxas Galegas 4.0 configúrase como unha iniciativa estratéxica de transformación dixital, cuxo desenvolvemento require da colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido, o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, os mercados, a comercialización, a manipulación, a transformación e a conservación dos produtos pesqueiros. Así mesmo, no seu artigo



2.7, a citada Lei destaca: “7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos.”

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade. Neste senso, o desenvolvemento de sistemas de información redundará nunha xestión máis eficiente do sector pesqueiro, tanto no relativo a unha produción máis sostible, a unha boa comercialización, unha mellora na trazabilidade dos produtos e un incremento da seguridade alimentaria.

Segundo o artigo 9 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, e do posterior Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.



A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela,

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Isaac Miguel Rosón Sánchez-Brunete

